ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA VINTE E TRES DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E SEIS (30/2026)

Na Casa do Concello de Monfero, ás doce horas e trinta e oito minutos do día vinte e tres de outubro de dous mil vinte e seis, en primeira convocatoria, baixo a presidencia do do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade do Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnense os Sres. Concelleiros: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, para o efecto de celebrar a sesión extraordinaria convocada para ese día ás doce horas.. Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Baldomero Beceiro Alonso. Non falta ninguén.

Os asuntos da **orde do día** son os seguintes:

1.- Aprobación da acta da sesión do día 14 de outubro de 2026

2.- Aprobación da relación de facturas núm. 055XRROO/2026

3.- Xustificación de subvencións nominativas

4.- Concesión de licencias de obras

5.- Solicitude de axuda de emerxencia social

O Sr. Alcalde en funcións inicia a sesión e o debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día de acordo co seguinte:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 14 DE OUTUBRO DE 2026

O Sr. Alcalde en funcións pregúntalles aos asistentes se teñen que facer algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou, con anterioridade á convocatoria desta sesión, no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello, e non formulan ningunha. O Sr. Alcalde en funcións, ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión do día 14 de outubro de 2026 se considera aprobada sen ningunha obxección.

2.- APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS NÚM. 055XRROO/2026

O Sr. Secretario-Interventor informa sobre as facturas a aprobar, sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que se transcribe literalmente deseguido, sobre o seu informe de Intervención e sobre o resto da documentación que, como a anteriormente indicada, consta asinada dixitalmente nos expedientes electrónicos da aplicación Tedec relacionados con este punto da orde do día:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: lF0ISkNFOlN1dfloy/aQ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar as facturas incluídas na relación delas n.º 55XRROO/2026, así como o informe de Intervención que consta asinado dixitalmente no correspondente expediente electrónico, e considerando que consta acreditado que as obras ás que se refiren están realizadas e a prezos conformes aos do mercado, controlados tecnicamente e por encargo e en beneficio do Concello, a quen lle corresponde atender os gastos correspondentes para poder prestar os servizos esenciais á veciñanza, que a falta de cumprimento dalgún dos requisitos esixidos non pode constituír impedimento para facer fronte a obriga de pagamento nin se poden paralizar os servizos polas dificultades na aplicación da normativa, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Informar que os contratos aos que se refire este expediente son necesarios para poder prestar á veciñanza os servizos de competencia municipal deles derivados e que, polo tanto, os xustifican de maneira motivada, e que non se está alterando o seu obxecto coa fin de evitar a aplicación dos límites para consideralos como menores aos que se refire a normativa vixente de aplicación.

SEGUNDO.- Continuar coa tramitación do procedemento e recoñecer e liquidar as obrigas deste Concello correspondentes aos gastos que constan no devandito expediente e que se describen nas facturas que integran a relación delas que se reflicte deseguido, ás que tamén se presta aprobación, por discrepar do informado coa argumentación exposta, polas razóns de interese público concorrentes sinaladas:

RELACIÓN DE FACTURAS NÚMERO	055XRROO/2026
Importe total	27.088,42€
Número de facturas e gastos que contén	4
Número do Rexistro Facturas da primeira factura	F/2026/1235
Número do Rexistro Facturas da última factura	F/2026/1925

TERCEIRO.- Imputar os gastos correspondentes ás aplicacións orzamentarias que nela se indican.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

3.- XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS

3.1.- O Sr. Secretario-Interventor da conta do expediente tramitado, da documentación xustificativa achegada pola entidade beneficiaria, das comprobacións realizadas, da dilixencia da funcionaria

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: lF0ISkNFOlN1dfloy/aQ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

que actúa como instrutora do procedemento, do informe de intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico da aplicación TeDEC:

"PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver a solicitude e documentación presentada pola persoa interesada que se indica deseguido, xustificativa da aplicación da correspondente subvención nominativa do orzamento vixente do ano 2026, que é o prorrogado 2025, para o financiamento dos gastos que tamén se indican deseguido, segundo o convenio asinado para o efecto e as bases de execución do dito orzamento, así como a dilixencia de comprobación e informe de intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade que constan debidamente asinados dixitalmente no expediente electrónico, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a xustificación presentada e que se proceda ao pagamento da subvención nominativa seguinte:

ENTIDADE	INICIAIS SOLICITANTE	OBXECTO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
FÚTBOL CLUB MONFERO	MMG	Actividade club	6.500,00 €

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Alcalde en funcións,

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno local, por delegación, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela.

3.2.- O Sr. Secretario-Interventor da conta do expediente tramitado, da documentación xustificativa achegada pola entidade beneficiaria, das comprobacións realizadas, da dilixencia da funcionaria que actúa como instrutora do procedemento, do informe de intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico da aplicación TeDEC:

"PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: lF0ISkNFOlN1dfloy/aQ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

Logo de ver a solicitude e documentación presentada pola persoa interesada que se indica deseguido, xustificativa da aplicación da correspondente subvención nominativa do orzamento vixente do ano 2026, que é o prorrogado 2025, para o financiamento dos gastos que tamén se indican deseguido, segundo o convenio asinado para o efecto e as bases de execución do dito orzamento, así como a dilixencia de comprobación e informe de intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade que constan debidamente asinados dixitalmente no expediente electrónico, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a xustificación presentada e que se proceda ao pagamento da subvención nominativa seguinte:

ENTIDADE	INICIAIS SOLICITANTE	OBXECTO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
COMISIÓN DE FESTAS DE NOSA SEÑORA DO ALTO XESTOSO	OPR	Festas de Nosa Señora	1.600,00 €

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Alcalde en funcións,

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela.

3.3.- O Sr. Secretario-Interventor da conta do expediente tramitado, da documentación xustificativa achegada pola entidade beneficiaria, das comprobacións realizadas, da dilixencia da funcionaria que actúa como instrutora do procedemento, do informe de intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico da aplicación TeDEC:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver a solicitude e documentación presentada pola persoa interesada que se indica deseguido, xustificativa da aplicación da correspondente subvención nominativa do orzamento vixente do ano 2026, que é o prorrogado 2025, para o financiamento dos gastos que tamén se indican deseguido, segundo o convenio asinado para o efecto e as bases de execución do dito orzamento, así como a dilixencia de comprobación e informe de intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade que constan debidamente asinados dixitalmente no expediente electrónico, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: lF0ISkNFOlN1dfloy/aQ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

Aprobar a xustificación presentada e que se proceda ao pagamento da subvención nominativa seguinte:

ENTIDADE	INICIAIS SOLICITANTE	OBXECTO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
COMISIÓN DE FESTAS DE LAGARES	JFC	Festas de San Xiao	2.500,00 €

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Alcalde en funcións,

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela.

3.4.- O Sr. Secretario-Interventor da conta do expediente tramitado, da documentación xustificativa achegada pola entidade beneficiaria, das comprobacións realizadas, da dilixencia da funcionaria que actúa como instrutora do procedemento, do informe de intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico da aplicación TeDEC:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver a solicitude e documentación presentada pola persoa interesada que se indica deseguido, xustificativa da aplicación da correspondente subvención nominativa do orzamento vixente do ano 2026, que é o prorrogado 2025, para o financiamento dos gastos que tamén se indican deseguido, segundo o convenio asinado para o efecto e as bases de execución do dito orzamento, así como a dilixencia de comprobación e informe de intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade que constan debidamente asinados dixitalmente no expediente electrónico, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a xustificación presentada e que se proceda ao pagamento da subvención nominativa seguinte:

ENTIDADE	INICIAIS SOLICITANTE	OBXECTO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
COMISIÓN DE FESTAS DE VAL XESTOSO	PGJ	Festas Nosa Señora de Os Remedios	400,00 €

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: lF0ISkNFOlN1dfloy/aQ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Alcalde en funcións,

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela.

3.5.- O Sr. Secretario-Interventor da conta do expediente tramitado, da documentación xustificativa achegada pola entidade beneficiaria, das comprobacións realizadas, da dilixencia da funcionaria que actúa como instrutora do procedemento, do informe de intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico da aplicación TeDEC:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver a solicitude e documentación presentada pola persoa interesada que se indica deseguido, xustificativa da aplicación da correspondente subvención nominativa do orzamento vixente do ano 2026, que é o prorrogado do 2025, para o financiamento dos gastos que tamén se indican deseguido, segundo o convenio asinado para o efecto e as bases de execución do dito orzamento, así como a dilixencia de comprobación e informe de intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade que constan debidamente asinados dixitalmente no expediente electrónico, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a xustificación presentada e que se proceda ao pagamento da subvención nominativa seguinte:

ENTIDADE	INICIAIS SOLICITANTE	OBXECTO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
A VEIGA SPORT	CGM	Competición automobilística	500,00 €

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Alcalde en funcións,

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: lF0ISkNFOlN1dfloy/aQ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

4.- CONCESIÓN DE LICENCIAS DE OBRAS

4.1.- O Sr. Secretario-Interventor dá conta da solicitude da persoa interesada coa documentación que lle achega, das autorizacións e/ou informes sectoriais, dos informes técnico e xurídico, da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec que se indica neste acordo máis adiante e que se transcribe literalmente deseguido, e do resto da documentación que consta nel:

"PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver o expediente urbanístico municipal (TEDEC) número: 2024/U022/000007, que se describe a continuación cos seguintes datos:

Expediente municipal (TEDEC) número: 2024/U022/000007
Datos do interesado/a: IVAN VÁZQUEZ RICO con DNI 47436863F.
Número e data de entrada no Rexistro Municipal: nº 202499900000339 de rexistro de entrada de data 16/07/2024 e última documentación de rexistro de entrada nº 202699900000277 e de data 11/05/2026
Lugar de realización: Lugar de O Seixo, San Fiz, Concello de Monfero. Provincia de A Coruña.
Referencias catastrais rústica/urbana: Parcela referencia catastral 15051A043001370000LI (9.788 m2)
Descrición técnica das obras: Solicítase licenza de obras para CONSTRUCIÓN DE CANCEIRA, segundo "PROXECTO CONSTRUCIÓN DE CANCEIRAS EN O SEIXO (MONFERO).
Autor do proxecto: D. BERNARDINO GONZÁLEZ PENA nº 1685 do colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas de A Coruña
Orzamento de execución material: 7.092,30 €.

Considerando que:

1.- A obra obxecto da solicitude de licencia, consiste na construción dunhas canceiras para exclusivamente resgardar os cans de caza do propietario.

As obras son canceiras para albergar a unha cantidade de animais ata 15 cadelos de caza ao abeiro da memoria achegada.

2.- Están suxeitas a licenza municipal por atoparse entre os actos que sinala o artigo 142.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e están, polo tanto, suxeitas ao procedemento de outorgamento de licencias segundo o art. 143 da mesma Lei.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: lF0ISkNFOlN1dfloy/aQ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

3.- No proxecto descríbense expresamente os actos que se pretenden realizar e xustifícase que os mesmos cumpren coa ordenación urbanística de aplicación. A descrición técnica que se achega das características do acto de que se trata é suficiente e axeitada.

4.- A clasificación actual da parcela sobre a que se vai asentar a construción ou instalación é a de solo rústico de protección ordinaria ao carecer o Concello de planeamento municipal e a que lle outorga o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Monfero aprobado inicialmente pola Corporación Municipal o 16 de marzo do 2016 é a de Solo Rústico Especialmente Protexido de protección agropecuaria.

Non obstante, non procederá a aplicación do réxime de especial de protección porque tras a reforma da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, as proteccións do Solo Rústico quedan definidas ao abeiro do sinalado no Plan Básico Autonómico de Galicia. Polo tanto, ao Solo Rústico, dende a entrada en vigor da Lei 10/2023, 28 decembro, de medidas fiscais e administrativas («D.O.G.» 29 decembro), aplícaselle o referido ao Solo Rústico, estando as protección dos Plans nos adaptados a dita Lei dados polo documento do Plan Básico Autonómico que se aplica de xeito complementario aos PXOM non adaptados. O Plan básico autonómico de Galicia, aprobado polo Decreto 83/2018, do 26 de xullo, reflicte os ámbitos de afección que, sobre o territorio, establece a normativa sectorial de aplicación con incidencia no planeamento urbanístico. Porén, non clasifica nin categoriza o solo para os efectos urbanísticos.

5.- As obras a realizar pódense levar a cabo por tratarse de obras de cuxo uso sería admisible en base ao Artigo 35 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia, “usos e actividades en solo rústico”, punto 1, “actividades e usos admisibles en solo rústico”, apartado h) Construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandería extensiva e intensiva, granxas, currais domésticos e establecementos nos que se aloxen, manteñan ou críen animais, e instalacións apícolas.

6.- As actuacións previstas para as que se solicita licencia están amparadas polo artigo o 39 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, tanto nas condicións de ocupación e separación a lindeiros, como na superficie mínima de parcela, edificabilidade e a tipoloxía.

Os materiais empregados son adecuados ao tipo de explotación e enténdense dentro dos admitidos neste tipo de usos e instalación ao abeiro do artigo 91 de Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe .

7.- As obras solicitadas non están afectadas pola suspensión de licencias no sentido de que a suspensión do outorgamento das licenzas acordada non afectará ás obras de mantemento, conservación e reforma, agás nos casos de obras de rehabilitación integral que sexan equiparables ás de reconstrución total do edificio non xustificadas en razóns de urxencia ou que supoñan un aumento de volume do edificio, nin as licenzas de primeira ocupación, nin aos actos suxeitos ao trámite de comunicación previa, sempre e cando se trate de obras ou actos para a implantación de usos ou actividades autorizados polo novo planeamento, nin aos proxectos que cumpran simultaneamente coa normativa vixente e coa proposta no PXOM aprobado inicialmente e, para estes efectos, efectuar as adaptacións necesarias e entender que o réxime aplicable ao solo rústico é o previsto para este tipo de solo na Lei 2/2016.do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: lF0ISkNFOlN1dfloy/aQ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

8.- Examinada a referencia catastral, segundo o Plan Básico Autonómico, aprobado polo Decreto 83/2018, do 26 de xullo, identifícase unha afección de carácter supramunicipal ao atoparse na área de afección dun ben de interese patrimonial (Medoña), e consta no expediente autorización do organismo competente en materia de Patrimonio.

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL SOBRE INTERVENCIÓN QUE AFECTA A UN BEN DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA EXPEDIENTE: 3091/24
PROMOTOR: Iván Vázquez Rico
INTERVENCIÓN: Construción de canceiras, O Seixo, San Fiz
RC 15051A04300137 CONCELLO: Monfero

As obras cuxa execución se pretende, cumpren, en todos os seus extremos, coa ordenación urbanística de aplicación, a contida na Lei 2/2016, e así mesmo cumpren coas determinación do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Monfero aprobado inicialmente pola Corporación Municipal o 16 de marzo do 2016 e non están afectadas pola suspensión de licencias nin incluídas no Catálogo de elementos que hai que protexer ou recuperar.

9.- A solicitude de licenza, coa documentación que se lle achega, está completa segundo o establecido no art. 143 da devandita Lei 2/2016.

10.- Constan no expediente informe do técnico contratado para o efecto, de data 27/07/2026 e informe xurídico de data 20/10/2026. Do informe xurídico e informe favorable do técnico contratado para o efecto se da conta detallada neste acto.

Tendo en conta que na tramitación do expediente observáronse as prescricións legais aplicábeis, propóñolle á Xunta de Goberno local, en harmonía cos devanditos informes, sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, conforme dispón o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, a adopción dos seguintes acordos:

1.- Conceder a licenza urbanística para as obras que se indican a continuación, que non eximen da obtención doutras que, se for o caso, procedan.

A D. IVÁN VÁZQUEZ RICO, para a realización das obras contidas no proxecto denominado: PROXECTO CONSTRUCIÓN DE CANCEIRAS EN O SEIXO (MONFERO), no lugar de O Seixo, parroquia de San Fiz deste termo municipal, a executar conforme ao proxecto técnico elaborado por D. Bernardino González Pena, Enxeñeiro técnico agrícola, colexiado nº 1685, cun orzamento de execución material de: 7.092,30 €, para exclusivamente resgardar os cans de caza do propietario.

2.- Condicionar a concesión da citada licencia urbanística ao cumprimento das condicións que se indican a continuación, ás que así mesmo se presta aprobación, e ao sometemento ao disposto pola normativa vixente de aplicación.

CONDICIÓNS XERAIS E ESPECÍFICAS

1) As obras que se solicitan deberán cumprir os seguintes prazos: o prazo de iniciación non poderá exceder dos seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: lF0ISkNFOlN1dfloy/aQ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

2) Unicamente se poderán executar as obras contempladas no proxecto e coas características tipolóxicas, estéticas e construtivas e cos materiais, cores e acabados acordes coa paisaxe rural e as construcións do entorno. As dimensións e características das obras non excederán das autorizadas, considerándose como infracción urbanística calquera extra limitación na que se incorra. Toda variación que se pretenda introducir precisará da conformidade previa

3) Ademais de cumprir coas condicións de edificacións indicadas no proxecto así coma no presente informe, deberá cumprir co establecido que se indican a continuación:

a/ Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos, e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.

b/ Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.

c/ Farase constar no rexistro da propiedade a vinculación da superficie esixible á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas polo título habilitante de natureza urbanística ou a autorización autonómica.

4) Na realización dos traballos estarase obrigado a reparar os estragos que como consecuencia das obras se orixinen nas vías públicas e demais espazos lindeiros, e a mantelos en condicións de seguridade, salubridade e limpeza.

5) A presente solicitude producirá efectos entre o Concello e quen a promove, pero non alterará as situacións xurídicas privadas entre este e as demais persoas. As obras realizaranse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

6) O promotor - solicitante deberá ter a disposición dos servizos municipais a oportuna licenza rexistrada neste Concello e facilitará o acceso dos ditos servizos á obra para a súa comprobación e inspección.

7) Durante a execución das obras para as que se solicita licenza deberá cumprirse co Real Decreto 105/2008 do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.

8) Non se poderá dar comezo as obras sen satisfacer previamente a taxa municipal que corresponda e achegar ao concello o oportuno xustificante.

9) O acabado exterior de recebo descrito segundo o proxecto deberá pintarse en cor, non poderá quedar en ningún caso o acabado con morteiro ou recebo.

10) Os valores de emisión acústica deberán permanecer en todo momento dentro dos límites da Orde de 26 de novembro de 2018, pola que se aproba a proposta de ordenanza de protección

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: lF0ISkNFOlN1dfloy/aQ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

contra a contaminación acústica de Galicia e demais normativa específica vixente en cada momento.

11) Tódolos traballos autorizados así coma o título habilitante municipal estarán outorgados salvo dereito de propiedade, dereitos reais e sen prexuízo de terceiros.

3.- Aprobar a liquidación polo Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras que se detalla:

Liquidación provisional polo Imposto Municipal sobre Construcións, Instalacións e Obras:

BASE IMPOÑIBLE	TIPO GRAVAME	COTA
7.092,30 €	2,3%	163,12 €

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñían nela

4.2.- O Sr. Secretario-Interventor dá conta da solicitude da persoa interesada coa documentación que lle achega, das autorizacións e/ou informes sectoriais, dos informes técnico e xurídico, da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec que se indica neste acordo máis adiante e que se transcribe literalmente deseguido, e do resto da documentación que consta nel:

“

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver o expediente urbanístico municipal (TEDEC) número: 2025/U022/000022, que se describe a continuación cos seguintes datos:

Expediente municipal (TEDEC) número: 2025/U022/000002
Datos do interesado/a: GANDEIRÍA SIXTO, con CIF J70162268, representada por D. JOSÉ MANUEL GÓMEZ FEAS
Número e data de entrada no Rexistro Municipal: nº 202599900000353 de rexistro de entrada de data 02-08-2025 e derradeira documentación de rexistro de entrada 202699900000367 e de data 08/06/2026
Lugar de realización: LUGAR DE SIXTO. ALTO XESTOSO – CONCELLO DE MONFERO
Referencias catastrais rústica/urbana: Referencia catastral 15051A097001720000LK
Descrición técnica das obras: “CONSTRUCIÓN DE INSTALACIÓNS PARA AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN EXISTENTE DE VACUNO DE LEITE” segundo Proxecto
Autor do proxecto: D. José Manuel Rodríguez Feas. Enxeñeiro Técnico Agrícola colexiado C.O.I.T.A LUGO nº 53
Orzamento de execución material: 189.099,79 €.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: lF0ISkNFOlN1dfloy/aQ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

Considerando que:

1.- A obra obxecto da solicitude de licencia, consiste na ampliación das instalacións existentes, mediante a construción dunhas novas instalacións destinadas ao albergue dos animais, así como ás instalacións complementarias destinadas á almacenaxe de xurros, no lugar de Sixto, Alto de Xestoso, Monfero, A Coruña.

Adicionalmente sinálase unha construción (silo de forraxes), construída con posterioridade ao ano 2006 e que non contaba con título habilitante municipal e que se legalizará co presente documento de proxecto.

O promotor, desempeña a actividade propia dunha gandería de leite nas instalacións das que actualmente dispón. Aínda que se pretende levar a cabo a construción dunhas novas instalacións co fin de mellorar a estancia e benestar animal, mellorar as condicións de traballo e incrementar a capacidade da granxa. As novas instalacións construiranse na mesma parcela na cal o promotor xa dispón de instalacións.

2.- Os actos están suxeitos a licenza municipal por atoparse entre os que sinala o artigo 142.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e están, polo tanto, suxeitas ao procedemento de outorgamento de licencias segundo o art. 143 da mesma Lei.

3.- No proxecto descríbense expresamente os actos que se pretenden realizar e xustifícase que os mesmos cumpren coa ordenación urbanística de aplicación. A descrición técnica que se achega das características do acto de que se trata é suficiente e axeitada.

4.- A clasificación actual da parcela sobre a que se asenta, ou se vai asentar, a construción ou instalación é a de solo rústico de protección ordinaria carecer o Concello de planeamento municipal e a que lle outorga o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Monfero aprobado inicialmente pola Corporación Municipal o 16 de marzo do 2016 é a de Solo Rústico de especial Protección Agropecuaria.

Non obstante non procederá a aplicación do réxime de especial protección en tanto a reforma da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, as proteccióǹs do Solo Rústico quedan definidas ao abeiro do sinalado no Plan Básico Autonómico de Galicia. Polo tanto ao Solo Rústico, dende a entrada en vigor da Lei 10/2023, 28 decembro, de medidas fiscais e administrativas («D.O.G.» 29 decembro), aplícaselle o referido ao Solo Rústico, estando as protección dos Plans nos adaptados a dita Lei dados polo documento do Plan Básico Autonómico que se aplica de xeito complementario aos PXOM non adaptados. O Plan básico autonómico de Galicia, aprobado polo Decreto 83/2018, do 26 de xullo, reflicte os ámbitos de afección que, sobre o territorio, establece a normativa sectorial de aplicación con incidencia no planeamento urbanístico. Porén, non clasifica nin categoriza o solo para os efectos urbanísticos.

5.- As obras a realizar pódense levar a cabo por tratarse dun uso admisible en solo rústico en base ao Artigo 35 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia, “usos e actividades en solo rústico”, punto 1, “actividades e usos admisibles en solo rústico”, apartado h) Construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandería extensiva e intensiva, granxas, currais domésticos e establecementos nos que se aloxen, manteñan ou críen animais, e instalacións apícolas.

6.- As actuacións previstas para a que se solicita licencia están amparadas polo artigo o 39 da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, tanto nas condicións de ocupación e separación a lindeiros, como na superficie mínima de parcela, edificabilidade e a tipoloxía.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: lF0ISkNFOlN1dfloy/aQ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

Os materiais empregados son adecuados ao tipo de explotación e enténdense dentro dos admitidos neste tipo de usos e instalación ao abeiro do artigo 91 de Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe .

7.- As obras comunicadas, non están afectadas pola suspensión de licencias no sentido de que a suspensión do outorgamento das licenzas acordada non afectará ás obras de mantemento, conservación e reforma, agás nos casos de obras de rehabilitación integral que sexan equiparables ás de reconstrución total do edificio non xustificadas en razóns de urxencia ou que supoñan un aumento de volume do edificio, nin as licenzas de primeira ocupación, nin aos actos suxeitos ao trámite de comunicación previa, sempre e cando se trate de obras ou actos para a implantación de usos ou actividades autorizados polo novo planeamento, nin aos proxectos que cumpran simultaneamente coa normativa vixente e coa proposta no PXOM aprobado inicialmente e, para estes efectos, efectuar as adaptacións necesarias e entender que o réxime aplicable ao solo rústico é o previsto para este tipo de solo na Lei 2/2016.do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

8.- Examinada a referencia catastral, segundo o Plan Básico Autonómico, aprobado polo Decreto 83/2018, do 26 de xullo, identifícase unha afección de carácter supramunicipal ao atoparse na área de afección de policía de leitos dun rego de auga. Consta no expediente Resolución favorable de data 10/09/2025, do Organismo competente en materia de Augas outorgando autorización para a legalización solicitada. Clave: DH.W15.110693.

As obras cuxa execución se pretende, cumpren, en todos os seus extremos, coa ordenación urbanística de aplicación, a contida na Lei 2/2016, e así mesmo cumpren coas determinación do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Monfero aprobado inicialmente pola Corporación Municipal o 16 de marzo do 2016 e non están afectadas pola suspensión de licencias nin incluídas no Catálogo de elementos que hai que protexer ou recuperar.

9.- Tendo en canta as características da explotación tras a execución das obras para as que solicita licenza de obra, así como a capacidade da mesma, é necesario someter o proxecto á avaliación de incidencia ambiental cumprindo coas esixencias contemplada na lei 9/2013 do 19 de decembro de emprendemento e da competitividade económica de Galicia, posto que o último informe ambiental existente na explotación data do ano 2006.

Consta informe relativo a unha consulta no procedemento de avaliación de incidencia ambiental de actividades da CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO: Ref. solicitante: CO/2025/054 (CLM) Expediente: 0292/2026

Así mesmo, consta no expediente Resolución do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CORUÑA) POLA QUE SE FORMULA A DECLARACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL DA ACTIVIDADE DE EXPLOTACIÓN DE VACÚN DE LEITE NO LUGAR SIXTO- ALTO DE XESTOSO, NO CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA), PROMOVIDO POR GANADERÍA SIXTO, SC., NIF: J70162268 (EXPEDIENTE CO/2025/054(CLM) na que se propón formular declaración de incidencia ambiental **favorable** conforme ao proxecto presentado.

10.- A solicitude de licenza, coa documentación que se lle achega, está completa segundo o establecido no art. 143 da devandita Lei 2/2016.

11.- Constan no expediente informe do técnico contratado para o efecto, de data 21/09/2029 e informe xurídico de data 23/10/2026. Do informe xurídico e informe favorable do técnico contratado para o efecto se da conta detallada neste acto.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: lF0ISkNFOlN1dfloy/aQ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

Tendo en conta que na tramitación do expediente observáronse as prescricións legais aplicábeis, **propóñolle á Xunta de Goberno local**, en harmonía cos devanditos informes, sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, conforme dispón o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, a adopción dos seguintes acordos:

1.- Conceder a licenza urbanística para as obras que se indican a continuación, que non eximen da obtención doutras que, se for o caso, procedan.

A GANDEIRÍA SIXTO S.C., para a realización das obras contidas no proxecto denominado: CONSTRUCIÓN DE INSTALACIÓNS PARA AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN EXISTENTE DE VACUNO DE LEITE no lugar de Sixto, parroquia de Alto Xestoso deste termo municipal, a executar conforme ao proxecto técnico elaborado por D. José Manuel Gómez Feas, Enxeñeiro técnico agrícola, colexiado nº 53, cun orzamento de execución material de: 189.099,79 €.

2.- Condicionar a concesión da citada licencia urbanística ao cumprimento das condicións que se indican a continuación, ás que así mesmo se presta aprobación, e ao sometemento ao disposto pola normativa vixente de aplicación.

CONDICIÓNS XERAIS E ESPECÍFICAS

1) As obras que se solicitan deberán cumprir os seguintes prazos: o prazo de iniciación non poderá exceder dos seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

2) Unicamente se poderán executar as obras contempladas no proxecto e coas características tipolóxicas, estéticas e construtivas e cos materiais, cores e acabados acordes coa paisaxe rural e as construcións do entorno. As dimensións e características das obras non excederán das autorizadas, considerándose como infracción urbanística calquera extra limitación na que se incorra. Toda variación que se pretenda introducir precisará da conformidade previa

3) Ademais de cumprir coas condicións de edificacións indicadas no proxecto así coma no presente informe, deberá cumprir co establecido nos apartados a – b – e, do art. 39 la Lei 2/2016 que se indican a continuación:

a/ Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos, e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.

b/ Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.

c/ Farase constar no rexistro da propiedade a vinculación da superficie esixible á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas polo título habilitante de natureza urbanística ou a autorización autonómica.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: lF0ISkNFOlN1dfloy/aQ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

4) Na realización dos traballos estarase obrigado a reparar os estragos que como consecuencia das obras se orixinen nas vías públicas e demais espazos lindeiros, e a mantelos en condicións de seguridade, salubridade e limpeza.

5) A presente solicitude producirá efectos entre o Concello e quen a promove, pero non alterará as situacións xurídicas privadas entre este e as demais persoas. As obras realizaranse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

6) O promotor - solicitante deberá ter a disposición dos servizos municipais a oportuna licenza rexistrada neste Concello e facilitará o acceso dos ditos servizos á obra para a súa comprobación e inspección.

7) Durante a execución das obras para as que se solicita licenza deberá cumprirse co Real Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.

8) De acordo co punto 2 do artigo 24 da Lei 9/2013 de 19 de decembro do Emprendemento e da Competitividade Económica de Galicia, que di: “se para o desenvolvemento da actividade é precisa a realización dunha obra, a documentación anterior presentarse coa comunicación previa prevista na normativa urbanística ou coa solicitude de licenza de obra, de proceder”. Polo tanto, logo de rematar a obra, presentarase comunicación previa para o inicio da actividade coa antelación sinalada no parágrafo 1 deste artigo”. Polo tanto, unha vez rematadas as obras o promotor deberá presentar o correspondente certificado final de obra e a comunicación previa da actividade.

9) Non se poderá dar comezo as obras sen satisfacer previamente a taxa municipal que corresponda e achegar ao concello o oportuno xustificante.

10) No que respecta aos acabados a empregar deberá cumprirse o indicado na RESOLUCIÓN POSITIVA POLA QUE SE FORMULA A DECLARACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL DA ACTIVIDADE DE EXPLOTACIÓN DE VACÚN DE LEITE NO LUGAR SIXTO- ALTO DE XESTOSO, NO CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA), PROMOVIDO POR GANADERÍA SIXTO, SC., NIF: J70162268 (EXPEDIENTE CO/2025/054(CLM) e que se transcribe a continuación:

Co obxecto de conseguir unha adecuada imaxe de conxunto o proxecto debe prever o recebado/pintado dos paramentos de cortes e almacéns existentes rematados en bloque visto, e coa mesma cor ou acabado elixido para a zona de ampliación (directriz de paisaxe DX.17.c.9).

Para a nova cuberta, deberá empregarse o mesmo material ou gama de cores das existentes.. Para tal fin, tomarase como referencia as cores propias do lugar e da arquitectura tradicional, para isto pódese consultar a Guía de cores e materiais de Galicia (directriz de paisaxe DX.17.c.3),

Na execución das novas instalacións minimizaranse os movementos de terras.

No caso de que se altere a topografía do terreo, provocando a aparición de noiros, estes deberán contar coa mínima altura imprescindible e serán debidamente revexetados (directriz de paisaxe DX.17.3.a).

Evitarase o amoreamento desordenado de maquinaria, recipientes, refugallos ou equivalentes na parte non edificada, prevendo lugares de almacenamento específico de escasa visibilidade ou dispoñendo das oportunas medida de ocultación (directriz de paisaxe DX.17.b.2).

11) As obras e actuacións sobre a parcela deberán dar cumprimento estrito igualmente aos informes sectoriais obrantes no expediente e a tódalas súas condicións xerais e particulares Consta Resolución do

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: lF0ISkNFOlN1dfloy/aQ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

Organismo competente en materia de Augas de Galicia autorizando as obras solicitadas: Clave: DH.W15.110693 outorgando un prazo de execución en 24 meses

12) Dado que se trata de obras adicadas ao desenvolvemento dunha actividade, logo de rematar a obra, presentarase comunicación previa para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento sen máis requisitos que os datos de identificación da persoa titular e a referencia da comunicación previa ou a licenza urbanística que amparou a obra realizada e o certificado final de obra asinado por técnico competente.

13) Tódolos traballos autorizados así coma o título habilitante municipal estarán outorgados salvo dereito de propiedade, dereitos reais e sen prexuízo de terceiros.

3.- Aprobar a liquidación polo Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras que se detalla:

Liquidación provisional polo Imposto Municipal sobre Construcións, Instalacións e Obras:

BASE IMPOÑIBLE	TIPO GRAVAME	COTA
189.099,79 €	2,3%	4,349,30 €

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñían nela

5.- SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL

O Sr. Secretario-Interventor da conta da solicitude da persoa interesada e a súa documentación anexa, do informe-proposta favorable da Traballadora Social, do informe de fiscalización limitada previa de requisitos básicos de conformidade da Intervención e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico do aplicativo Tedec que se indica máis adiante e que se transcribe textualmente a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Nº EXPEDIENTE: 2026/S009/000005

OBXECTO: CONCESIÓN AXUDA EMERXENCIA SOCIAL P.P., L.

Logo de ver o expediente tramitado a solicitude da persoa coas iniciais que se indican, o informe favorable emitido pola Traballadora Social do Concello de Monfero, Dona Patricia Martínez Lago, e o informe de fiscalización limitada previa de requisitos básicos de conformidade da Intervención, e

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: lF0ISkNFOlN1dfloy/aQ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

considerando que se dan as circunstancias sinaladas na Ordenanza municipal reguladora das axudas de emerxencia social do Concello de Monfero (OAESM), que consta que a instrutora do procedemento comprobou a través da consulta de interoperabilidade do aplicativo TEDEC a documentación esixida no artigo 10 da OAESM e que reúne os requisitos esixidos nela para a concesión deste tipo de axudas, e que o gasto debe de xustificarse en forma, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

1.- Conceder unha axuda de emerxencia social (art. 3.1 b) da OAESM para cubrir as necesidades básicas de subsistencia non cubertas por outros sistemas de protección (roupa e/ou calzado), sempre que non estiveran cubertos por outras axudas públicas, á persoa que responde ás iniciais P.P., L. que se identifica no expediente electrónico do programa TEDEC indicado anteriormente, por importe máximo de 300 euros. A compra de roupa e calzado, serán realizadas pola traballadora social do Concello, Patricia Martínez Lago, e se lle fará a entrega á persoa beneficiaria no Concello.

2.- Imputar o gasto correspondente á aplicación do orzamento en vigor 231.48100

3.- Notificar este acordo á persoa interesada.

4.- Trasladar este acordo á Traballadora Social do Concello para que proceda a realizar a compra e ao Servizo Municipal de Contabilidade, Tesourería e Nóminas para a realización das anotacións contables derivadas del.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás trece horas e vinte e seis minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certifícoo.

O Alcalde en funcións | O Secretario

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: lF0ISkNFOlN1dfloy/aQ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/